



# INFORME DE ACTIVIDADES 2023

## ASEMBLEA XERAL 2024

### 1. ACTIVIDADE DAS ÁREAS

#### 1.1 Área de Biodiversidade

En 2023 realizouse dúas campaña de éxito na área da biodiversidade, unha foi programa “**12 meses, 12 invasoras**” que tentou desenvolver unha actividade mensual de sensibilización e eliminación de especies exóticas invasoras. Algunha das actividades suspendeuse polas condicións climáticas que impediron a súa realización, pero aínda así se desenvolveron **10 actividades** ao longo de todo o ano en localidades principalmente da zona de Vigo e algunha en colaboración coas Brigadas Deseucaliptizadoras.

<https://www.verdegaiá.org/wp/?s=12+invasoras>

A segunda actividade foi a de **Restauración do Río Couso** en colaboración coa OMIX do concello do Porriño, que en 3 xornadas contou coa participación de voluntariado do concello na limpeza e eliminación de invasoras no río. <https://www.verdegaiá.org/wp/?s=rio+couso>

Apoiamos a declaración da **Celebración do Día do Naturalismo** galego en homenxa ao Padre Sarmiento a celebrar en 9 de marzo.

No ámbito do **forestal** organizáronse outras actividades nas que participamos como un Bioblitz en Froxán (Lousame), alegamos contra a Lei integral contra os incendios forestais xunto coa FEG e valoramos os incendios no Xurés.

No ámbito do **litoral** participamos de novo na manifestación en Pontevedra contra a celulosa, alegamos contra o proxecto de restauración dunar en Samil e xunto coa FEG participamos na elaboración de alegacións ao anteprojecto de ordenación do litoral.

**Parques naturais:** denunciámos publicamente o investimento en autoestradas fronte ao diñeiro destinado a parques naturais e alegamos ao PRUX do PN das Fragas do Eume xunto coa FEG.

### 1.1.1 Brigadas Deseucaliptizadoras

En 2023 realizamos un total de 20 actividades deseucaliptizadoras e desacaciadoras. Temos que salientar as actividades levadas adiante coa Fundación Montescola e a Associação À Escuta do proxecto Erasmus+ “**Vemo-nos no Monte!**” financiado pola Unión Europea que nos levou a realizar actividades conxuntas entre Galiza e Portugal.

Número de intervencións en cada zona		Datas das intervencións	
Lugar	Número	Lugar	Data
Froxán (Lousame)	7	Froxán (Lousame)	23/01/23
Vila Cova (Lousame)	1	Xurés	24-26/02/23
Xurés (Lobios)	1	Gerês	24-26/02/23
Formigueiro (Cedeira)	1	Formigueiro (Cedeira)	18/02/23
Darbo (Cangas)	1	Darbo (Cangas)	04/03/23
Aldán (Cangas)	1	Vila Cova (Lousame)	05/03/23
Lentille (Cenlle)	4	Aldán (Cangas)	12/03/23
Ferrol	1	Froxán (Lousame)	19/03/23
Outes	1	Lentille (Cenlle)	01/04/23
Gerês (Pt)	1	Ferrol	15/04/23
Serra da Estrela (Pt)	1	Serra da Estrela	28/04 a 01/04/23
		Tins (Outes)	15/04/23
		Lentille (Cenlle)	20/05/23
		Froxán (Lousame)	18/06/23
		Froxán (Lousame)	06/07/23
		Froxán (Lousame)	16/07/23
		Froxán (Lousame)	24/09/23
		Lentille (Cenlle)	07/10/23
		Lentille (Cenlle)	25/11/23
		Froxán (Lousame)	17/12/23

O Proxecto Vemo-nos no Monte! Levou asociado a publicación de vídeos, unidades didácticas e seminarios, entre eles o seminario final do proxecto.

E tamén a palestra A chama social dos lumes: resposta da sociedade civil ante un monte colapsado.

## 1.2 Área de Mudanza climática

**Eólica:** participamos na plataforma **Eólica Así Non**, e difundimos as actividades de **Un vento vén**. Temos que salientar a participación nas mobilización realizadas por Eólica Así Non e nas xornadas realizadas en Pontevedra **“Temos Alternativa”** e no encontro en Sabucedo organizado pola **Burla Verde**.

**Extractivismo:** mobilizámonos en Noia e en Compostela contra os vertidos da balsa tóxica da mina San Finx e alegamos contra os mesmos. Participamos en Touro nun encontro Futuro en común contra o extractivismo con entidades de latinoamérica. Organizamos unha palestra sobre extractivismo verde co Observatori del Deute en la Globalització (ODG). Denunciamos o estado español ante o Comité de Cumprimento da Convención de Aarhus (ONU) a vulneración do dereito de acceso á xustiza en materia de medio ambiente. Difundimo os eventos contra o Día mUndial contra a Megaminaría.

**Enerxía/Clima:** formamos parte na creación da plataforma Galiza sen Gas (antes Galiza sen carbón) e do seu manifesto fundacional así como na análise das fábricas de cambio climático. Alegamos o Anteprojecto de Lei do Clima de Galicia. Organizamos un encontro de área sobre enerxía en Compostela. Participamos difundindo as actividades do Mov. Galego polo Clima e en Vigo na plataforma Vigo polo Climo realizamos concentracións, rolda de prensa e palestra.

**Mobilidade:** na plataforma Vigo polo Clima realizamos un Decálogo de medidas para acadar un Vigo sustentable e respirable e con Vigo Ciclábel participamos na Bicicletada para promover o uso urbano da bici. Con ConBici participamos no estudo Cycling with clean air 2023 na cidade de Vigo.

### 1.3 Área de Residuos e consumo

Con Retorna denunciámos ante Ante a Comisión europea polo incumprimento do Estado sobre os obxectivos de reciclaxe e no escándalo destapado por un consorcio de investigación periodística sobre a recollida separada de residuos, pediuse desde Retorna unha reunión co Ministerio e a asexencia do cumprimento da Lei de residuos. Denunciámos publicamente a Xunta pola falta de transparencia na xestión de residuos e solicitámos a recollida da publicidade electoral.

### 1.4 Área de Educación ambiental e Xustiza social

Colaboramos na plantación de árbores autóctonas con estudantes do CEIP Espiñeira (Cangas). Organizamos un Roteiro polo río Fondón e o Monte Penide (Redondela). Denunciamos publicamente a Situación de emerxencia cinexética contra o xabarín.

O máis importante no que participamos nesta área é sobre o xenocidio de Gaza e do pobo palestino, analizamos o conflito e difundimos e participamos nas mobilizacións e actividades levadas adiante en apoio ao pobo Palestino.

## 2. Traballo en Rede

Un dos principios organizativos de Verdegaiá é o *Principio de acción en rede*. Deste modo a asociación privilexia o traballo en rede con outras organizacións, especialmente de carácter ecoloxista, tanto de dentro como de fóra de Galicia, actuando segundo o lema *pensando globalmente e actuando glocalmente* (local e globalmente).

Actualmente participamos en 14 plataformas de moi diferente índole.

### PLATAFORMAS NAS QUE COLABORAMOS

Participamos activamente	Plataformas pouco activas	Simplemente apoiamos
FEG	Retorna	Cousa de raíces
A Ría non se vende	Plataforma por Palestina	Movemento galego polo clima
Galiza, un futuro sen carbón	Galiza non se vende	Contraminación
Protección da serra do Galiñeiro		Vida e ría
Éolica, así non		
Conbici		
Vigo Ciclábel		

## 2.1 CONBICI

ConBici é a entidade estatal de referencia para a promoción da bicicleta como medio de transporte habitual, seguro e sostible.

En 2022 participamos en dous campos:

- ✓ proxecto de ciencia cidadá *Cycling With Clean Air* impulsado por ConBici a nivel estatal para realizar medicións en bicicleta da calidade do aire na cidade;
- ✓ divulgación enquisa mobilidade e equidade de ConBici.

En 2023 seguiremos participando no proxecto *Cycling With Clean Air*.

## 2.2 VIGO CICLÁBEL

Vigo Ciclábel é unha plataforma formada por diversos colectivos ciclistas, ecoloxistas e feministas de Vigo co fin de potenciar a bicicleta como medio de transporte activo na cidade.

En 2022 a Plataforma centrou o seu traballo en dous campos:

.promover o uso da bicicleta no medio urbano;

.solicitar medidas que faciliten o uso da bici na cidade.

- ✓ Análise do carril bici: presentación pública e reunión co arquitecto responsable
- ✓ Bicis ao tren: acción simultánea nas principais cidades galegas para demandar mellores condicións das bicis ns trens;
- ✓ Bicicletada pola Mobilidade;
- ✓ Aparicións en prensa: violencia machista a ciclousuarias, bicis ao tren, mulleres en bici e en colectivo, semana da mobilidade

Para 2023 seguiremos na mesma liña e temos previsto solicitar a ADIF e a DonCicleta a instalación dun aparcamento seguro na estación de Urzáiz.

### 2.3 FEG

A Federación Ecoloxista Galega (FEG) é a principal federación ecoloxista de ámbito galego, actualmente formada por 14 Asociacións, a maioría das asociacións ecoloxistas activas de Galicia.

Participamos na Federación Ecoloxista Galega a varios niveis, tanto no seu equipo de coordinación como en vogalías. Tamén temos un papel activo nas campañas e accións que emprende a Federación, que superada a fase de impacto da pandemia, leva un tempo xa a retomar impulso, tanto con reunións de traballo como con encontros abertos ás entidades socias.

- ✓ 05/01/2022, Achegas da Fedederación Ecoloxista Galega aos Plans Hidrolóxicos das Demarcacións de Galicia Costa e do Miño-Sil para o ciclo 2021-2027
- ✓ 16/02/2022, A Federación Ecoloxista Galega denuncia ante a comisión de peticións do parlamento europeo o Parque eólico Xesteirón pola ocupación de hábitats protexidos.
- ✓ 23/02/2022, A Federación Ecoloxista Galega informa negativamente o documento de inicio do proxecto do Parque Eólico Mariño Flotante “Nordés”
- ✓ 31/05/2022, Denuncia “As organizacións ecoloxistas abandonan o Consello Galego de Medio Ambiente pola negativa da Xunta a debater a problemática eólica.”
- ✓ 18/07/2022, A Federación Ecoloxista Galega envía carta á Valedora do Pobo co obxecto de facer visíbel as irregularidades no Consello Galego de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sustentábel (COGAMADS).
- ✓ 25/07/2022, A Federación Ecoloxista Galega esixe medidas para frear os lumes forestais e enfrontar a emerxencia climática.
- ✓ 11/08/2022, A Federación Ecoloxista Galega presenta queixa ante Ministerio de Transición Ecolóxica por non ser convocada a unha reunión sobre o futuro da central das Pontes.
- ✓ 29/08/2022, A Federación Ecoloxista Galega solicita a convocatoria do pleno do Consello Forestal de Galicia (CFG).
- ✓ 21/10/2022, A FEG promove un encontro no Courel para visitar ás zonas afectadas polos lumes deste verán.
- ✓ 09/11/2022, Partipación no encontro “Verde entre o negro: crónica dun encontro no Courel.”

## **2.4 COORDINADORA EÓLICA, ASÍ NON**

Eólica, así non é unha coordinadora que agrupa a multitude de colectivos e moi diversos, dende asociacións ecoloxistas, de defensa do patrimonio, plataformas veciñais, sindicatos, etc.

O obxectivo é conseguir que as Administracións rectifiquen a súa política eólica propondo unha moratoria á implantación de máis aerogeradores para comezar un proceso de reflexión participativo e transparente sobre o modelo enerxético, as necesidades e posibilidades de alternativas máis respectuosas co medio e as comunidades locais, especialmente do rural.

Como fitos téñense realizado manifestacións no día do medio ambiente (5 de xuño) e o das montañas (11 de decembro). Tamén se celebraron unhas grandes xornadas de debate e información en Pontevedra, os días 4 e 5 de febreiro.

## **2.5 GALIZA SEN CARBÓN**

As organizacións integrantes da plataforma Galiza, Un Futuro Sen Carbón, enmarcada na alianza europea Europe Beyond Coal, reclamamos que en 2025 estean pechadas todas as centrais de carbón en Galiza.

En 2022 a Plataforma centrou o seu traballo en dous campos:

- ✓ Sustitución do uso do carbón polo gas fósil
- ✓ Peche da central térmica de As Pontes

Entre as accións realizadas destacan:

- ✓ Presentación de achegas á consulta previa da futura lei galega do clima
- ✓ Divulgación de datos sobre a substitución do carbón polo gas fósil na xeración de enerxía eléctrica
- ✓ 06/04/2022, Publicación da nota “Galiza confirma a agonía do carbón en 2021”
- ✓ 28/05/2022, Publicación da nota “As centrais de gas entre as cinco industrias galegas con maior impacto climático”.

Para 2023 temos previsto incidir e divulgar que o gas fósil non é unha alternativa sustentabel ao carbón.



## 2.6 A RÍA NON SE VENDE

A Ría Non se Vende é unha rede de colectivos da Ría de Vigo, entre os que se atopa Verdegaiá, que centra a súa actividade na defensa da Ría de Vigo.

En 2022 a ARNSV centrou o seu traballo en tres campos:

.recheos na Ría;

.contaminación da Ría;

.parques eólicos que afectan ao sul do País.

- ✓ 12/2022, Alegación ao Proxecto de Parque Eólico Toroña (Torroña) nas Serras d'A Groba e O Argallo
- ✓ 12/2022, Nota de prensa P.E. Toroña
- ✓ 12/2022, acto-homenaxe a Romasanta.
- ✓ 12/2022, apoio e participación na organización da manifestación “O POBO GALEGO UNIDO CONTRA A DEPRADACIÓN ENERXÉTICA “ celebrada en Vigo en xaneiro de 2023
- ✓ 07/2022, participación con outros colectivos en reunións informativas contra a invasión eólica e organización de actos contra a invasión eólica.
- ✓ 03/2022, traballo recopilatorio e informativo sobre a cuestión portuaria en Vigo.
- ✓ 03/2022, nota de prensa sobre as deficiencias na depuradora de Vigo.
- ✓ 01/2022, adhesión A Petición n.º 0948/2021, presentada pola asociación Instituto de Estudos Miñoráns; sobre a ampliación da rede Natura 2000
- ✓ 01/2022, Alegación ao P.E. O Merendón na Serra da Groba
- ✓ 01/2022, Alegacións mina San Finx - prox. Balsas e Vertidos - Lousame - Ría de Muros e Noia



## **2.7 PLATAFORMA POR PALESTINA**

- ✓ 06/01/2022, Acción de visibilidade do xenocidio do Pobo Palestino
- ✓ 07/01/2022, Acción “Hoxe en día os Reis Magos non poderían chegar a Belén”

## **2.8 PLATAFORMA POLA PROTECCIÓN DA SERRA DO GALIÑEIRO**

Neste pasado ano, dende a Plataforma pola Protección da Serra do Galiñeiro continuamos a desenvolver un importante traballo de divulgación dos valores naturais e culturais e das ameazas que se cernen sobre este valioso espazo natural.

Concretamente, demos unha palestra sobre a nosa loita en Compostela organizada pola Mocidade Independentista e outra no Instituto Terras de Turonio de Gondomar.

Tamén tivemos encontros con distintos expertos en arqueoloxía que nos solicitaron información sobre o patrimonio arqueolóxico da Serra.

Ademais, apresentamos alegacións a diferentes proxectos eólicos de enclaves naturais próximos á Serra do Galiñeiro e promovemos a participación en diferentes actos contra o expolio eólico que estamos a padecer na actualidade.